



A N O S A N A I G A L I Z A

É rapaza n-os arrautos fantasiosos,
n-os querereres, e-nas ánses: n-as esperas!
é nenfía n-as sonrisas e os froleos;
son de vella suas benditas esperenzas.

É siñora, e mais nai de cinco fillos,
qu'as entranas, mai-lo sangue, dan por elal,
e a reiniña d-a miña alma tanto quérelles,
que xa en vida repartíulles a sua herenza.

Doulle a Lugo o Siñor d-os señoriaxes,
n'un altar tallado en almas fervorentas;
fixo a Ourense gardador do seu cerebro,
repartíulles curazós òs seus poetas;
e por ela ergueu Santiago, fachendoso,
o pendón do santo fillo d-a Xudea.

Crúña e Vigo rescibiron aquës mares
ond-a santa nai Galiza se refrexa....

¡Meu amore! ¡Canto ben hay n'iste mundo,
òs filliños ben amados dou, a presas!

¡Nai querida! Viste séreo, de bon pano;
sobr'a frente unha vistosa pañoleta;
encrucillase n-o peito o dengue, meigo;
y-en sinal, cristiana e doce, d'humildeza,
por amor á tradizón calza, garbosa,
—pulidiñas—unhas zocas villalbesas;
mais por se-lo seu orixen soberano,
(en belezas, en virtudes, en grandezas,
inda ò xeito d-os simplicios días soltos,
luce crõa d'estreliñas sobr'a testal

¡Hay que vela, po-los prédios españoles,
con rescendos de mazás, rosas e lestal

.....
¡Eu lle quero como às nenas d-os meus ollos,
e non deito, sen pregar a Deus por elal